

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 9 de xullo de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 09/07/2018
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 09/07/2018
- III. Guías docentes
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Mestrado en Xeoinformática
- IV. Informes de coordinación
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Mestrado en Xeoinformática

Ábrese a sesión ás 12 horas e 05 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria celebrada o 4 de xuño de 2018, e extraordinaria celebrada o 4 de xullo de 2018.

Envíouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores, ordinaria celebrada o 4 de xuño de 2018, e extraordinaria celebrada o 4 de xullo de 2018.

2. Informe da Directora

A petición da Directora en funcións da emE desde o día 8 de xuño ao 4 de xullo de 2018, María Araújo Fernández, procédeuse a informar das actividades realizadas pola Dirección neste período:

- Con data 26 de xuño recibíuse comunicación da Área de Calidade no que se informa da apertura do prazo para incluír na plataforma correspondente os méritos do Programa Docencia Individual do curso 2016/17, establecéndose un período de do 27 de xuño ao 31 de xullo.
- Con data 28 de xuño asistiron á reunión do “Plan de Comunicación do Sector da Minería” María Araújo, como directora en funcións do centro e Elena Alonso en calidade de Coordinadora da titulación.
- Con data 29 de xuño asistiron ao “Encontro Sectorial de Minas e Enerxía” da “Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia”, en representación do centro, organizado polo “Instituto de Estudos do Territorio”, María Araújo e Eduardo Giráldez.

En canto ao informe da Directora desde a data de nomeamento, 5 de xullo cabe sinalar:

- Con data 6 de xullo recibíuse comunicación de Secretaría Xeral relativa á entrada en vigor do disposto no artigo 13 do Decreto 68/2018, do 21 de xuño, no que se sinala como data de inicio das actividades académicas o período do 10 ao 14 de setembro, quedando á espera dos pasos que se tomen desde o equipo de goberno en relación á posible modificación do calendario escolar.
- A Directora informa de que no mesmo Decreto publícanse as taxas de matrícula de estudos de titulacións oficiais universitarias en Galicia e sinala que se modificaron as taxas de matrícula de títulos de máster de profesión regulada, equiparándose estas ás taxas de matrícula de graos de profesións reguladas, polo que esta redución de taxas afectou aos estudantes do Máster en Enxeñaría de Minas.
- Con data 6 de xullo celebrouse o Acto Académico de Gradación, que contou na mesa con representación dos Colexios Profesionais, Xunta de Galicia, Concello de Vigo e a Universidade de Vigo. Entregáronse Diplomas aos egresados das catro titulacións do centro (48 Grao EE, 15 Grao ERME, 13 Máster Enxeñaría de Minas, 2 Máster en Xeoinformática). Agradécese ás persoas que colaboraron no desenvolvemento do acto: estudantes, profesorado e persoal de administración e especialmente a María Araújo, responsable da organización e coordinación do evento.
- Finalmente a Directora informa da celebración dunha Xunta de Escola nas próximas semanas, ao obxecto de tratar algúns temas pendentes e xurdiron nos últimos días:

modificación do calendario escolar, modificación das figuras de coordinación de actividades docentes e distribución de bolsa de horas de actividades docentes do centro, entre outras.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019.

Enviáronse por correo electrónico previamente á celebración desta Xunta de Escola (Anexo III). A directora presenta as guías docentes das catro titulacións da emE:

- ✓ Grao en Enxeñaría da Enerxía
- ✓ Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- ✓ Mestrado en Enxeñaría de Minas
- ✓ Mestrado en Xeoinformática

A continuación, toma a palabra don Juan Jesús Rico Fuentes para, no nome da delegación de alumnos, facer constar que hai dúas guías docentes sobre as que queren facer observacións:

- “Tecnoloxía ambiental”. Os contidos desta materia solápanse coa materia de Enxeñaría nuclear. Ademais, esta materia non ten avaliación continua, xa que as probas que se realizan durante o cuadrimestre non contan para a nota final.
- “Termodinámica e transmisión de calor”. Os contidos da guía docente non son informativos para o desenvolvemento da materia. Piden que o profesor responsable detalle máis os contidos xa que non os consideran representativos do que se explica durante o cuadrimestre.

A directora propón que sexan aprobadas as guías docentes de todas as materias agás estas dúas que serán analizadas e presentadas para á súa aprobación nunha Xunta de Escola posterior.

A Xunta de Escola aproba por asentimento as guías docentes das titulacións impartidas na EE de Minas e Enerxía para o curso 2018/2019, agás as dúas mencionadas nos parágrafos anteriores.

A directora agradece a labor realizada polo equipo coordinador: dona María Araújo, don David Patiño, dona Teresa Rivas e don Pedro Arias.

4. Modificación, se procede, de responsables da coordinación para o curso 2018/2019.

A día de hoxe non se dispón de toda a información necesaria para a elaboración desta modificación, polo que este punto deberá tratarse nunha reunión posterior da Xunta de Escola.

5. Modificación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019.

A día de hoxe non se dispón de toda a información necesaria para a elaboración desta modificación, polo que este punto deberá tratarse nunha reunión posterior da Xunta de Escola.

6. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Envíouse a documentación relativa a este punto (Anexo IV) previamente á celebración desta Xunta de Escola. Nela recóllense os informes de coordinación das seguintes titulacións da emE:

- ✓ Grao en Enxeñaría da Enerxía
- ✓ Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- ✓ Mestrado en Xeoinformática

Estes informes son un resumo das reunións realizadas polos equipos de coordinación dos títulos, dos cursos, das materias e titores de PAT. Recóllense os principais temas tratados nas reunións, así como as correspondentes reflexións e valoracións que, nalgúns casos, deron lugar a propostas de mellora.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os Informes de Coordinación.

7. Rogos e preguntas.

A directora, dona Elena Alonso, toma a palabra para facer constar o seu agradecemento ao equipo directivo saínte e á Xunta de Escola polo seu apoio e confianza expresados na súa elección como directora da Escola.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a nove de xullo de dous mil dezaioito.

Vº e Prace
A Directora

A Secretaria

Elena Alonso

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 09/07/2018



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 09/07/2018

Profesorado	
1.	Alonso Prieto, Elena
2.	Álvarez Vázquez, Lino José
3.	Araújo Fernández, María
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Domínguez Santiago, Ángeles
6.	Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
7.	Giráldez Pérez, Eduardo
8.	Goicoechea Castaño, María Iciar
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Liz Marzán, Eduardo
11.	Patiño Vilas, David
12.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
13.	Pozo Antonio, José Santiago
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Vijande López, Javier
17.	Villanueva Torres, Daniel
ESTUDANTES	
1.	Antonio Fontán, Nuria
2.	Domínguez Blanco, Santiago
3.	Rico Fuentes, Juan Jesús
PAS	
4.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia: Leandro Alejano Monge, Natalia Caparrini Marín e Higinio González Jorge

ANEXO III

Guías docentes

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**
 - **Mestrado en Enxeñaría de Minas**
 - **Mestrado en Xeoinformática**

ANEXO IV

Informes de coordinación

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**
 - **Mestrado en Xeoinformática**